

Compostela, 21-XI-61

Sr. D. Luis Seoane
B. Aires.

Benquerido Luis:

Os teus amigos Susana i-Edgardo Kleinman estiveron por aquí recentemente. Pararon pouco - dia e medio - en Compostela. Adiqueillas todo o tempo que puideron e presentéillas xente nova. Coído que marcharon ledos. L'embrome que, mentras vinámosos subindo do Sar, eles comentaron as impresións aquí recollidas no senso de que confirmaran o que tiñas tiñas anunciado. As preocupacións deles xa as coñeces de sobra, así que nada preciso decirche. Agora andarán polos medios cinematográficos de Madrid.

Haberá coma dun mes coñecín personalmente a Rafael Dieste. Parolámosos longamente e paseamos de noite polas ruas e plazas de Compostela. É home simpático, intelixente e cordial, tres cualidades que poucas veces se dan xuntas no mesmo grado. Está en Rianxo, polo que se trata de ver bastante feliz de estar ali. Tamén a súa dona é moi simpática. Alegreime de os coñecer.

E aquí os estudantes pediron a través do SEU a creación dunha cátedra de lingoa galega. Sumáronse os de todas as Facultás.

Xa sabes que elixiron recentemente a Anxel Fole académico numerario de Galega. Está moi ledos. Recibirá moitas felicitacións i en algo foi acollida a elección con viva simpatía.

Moitos saúdos nosos a Maruxa e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro